

**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia nº1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.es

ANUNCIO**CONCELLO DE BETANZOS**

ASUNTO: Lista definitiva admitidos/as excluídos/as para a formación dunha bolsa de emprego de técnico/a de normalización lingüística do concello de Betanzos.

EXPEDIENTE: 2024/E001/000005

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Informe de necesidades do concelleiro de persoal de data 21/10/2024

SEGUNDO. Proposta do concelleiro delegado de persoal de data 22/10/2024 de inicio de proceso de creación dunha bolsa de emprego de Técnico/a Normalizador/a Lingüístico/a.

TERCEIRO. Informe de asesoría xurídica de data 03/01/2025

CUARTO. Informe de intervención de data 10/03/2025

QUINTO. Resolución de alcaldía nº519/2025, de 11/03/2025 pola que se aproban as bases que han de rexer o proceso selectivo. As bases foron publicadas no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Betanzos en data 12/03/2025 e no BOP da Coruña nº52 de data 18/03/2025.

SEXTO. Resolución de alcaldía nº685/2025, de 02/04/2025, pola que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo, publicada no BOP da Coruña nº78 de 25/04/2025.

SÉTIMO. Constan alegacións á lista provisional de ABF e UCM

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte: Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística de Galicia; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus arts. 231 e seguintes; Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos seus arts. 21.1.g), 91, 103 e 104; Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública; Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, nos seus arts. 177 e seguintes; Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, na súa Disposición Adicional Segunda; Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Lei 22/2021, do 28 de

**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia nº1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.

decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, no seu art. dous; Convenio Colectivo para o persoal laboral do Concello de Betanzos, (publicado no BOP nº. 66, do 06.04.2017).

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De acordo co establecido na base Quinta das Bases da convocatoria para a formación dunha bolsa de Técnico/a de Normalización Lingüística do Concello de Betanzos cando se regula a admisión de aspirantes: "Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sra. Alcaldesa-Presidenta, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, e publicarase no BOP de A Coruña, no Taboleiro de anuncios do Concello e no da Sede Electrónica do Concello de Betanzos, <https://sede.betanzos.gal>.

Se houbera aspirantes excluídos, indicárase a causa de exclusión, concedéndose un prazo de cinco (5) días para os efectos da presentación de reclamacións. As reclamacións, se as houbera, resolveranse na resolución que aprobe a lista definitiva, a cal se publicará do mesmo xeito que a provisional.

Se non houbera reclamacións contra a lista provisional, quedará elevada de xeito automático a definitiva, sen necesidade de nova publicación.

Posteriormente a alcaldesa declarará aprobada a relación definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no BOP de A Coruña, no Taboleiro de anuncios do Concello e no da Sede Electrónica do Concello de Betanzos <https://sede.betanzos.gal>. Nesta resolución definitiva figurará a composición do tribunal e a data do comezo do procedemento selectivo

Entre a publicación desta listaxe definitiva e a data de celebración do primeiro exame transcorrerán polo menos tres (3) días.

Os sucesivos anuncios, agás disposición en contrario, publicaranse no Taboleiro de anuncios do Concello e no da Sede Electrónica <https://sede.betanzos.gal>."

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aceptar as alegacións de ABF e UCM e aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as para a bolsa de emprego con carácter temporal para postos de Técnico/a de Normalización Lingüística polo procedemento de concurso/oposición.

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
Barreiro Fuentes, Ainhoa	***8465**
Castelos Medín, Uxía	***0397**
Kerdudo Baxter, Argantael Alva	***8865**

**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia nº1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.

López Gómez, Sara	***0643**
Sánchez Fernández, Natalia	***0722**
Villaverde Santamariña, Beatriz	***3676**

EXCLUÍDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Causa
Alexandre Teixeira, Paula	***9684**	Faltan Anexos II, III e IV

SEGUNDO- Proceder ao nomeamento do Tribunal Cualificador que xulgará dito proceso selectivo o cal estará composto polos seguintes membros:

Presidente titular: Daniel Pereiro Cachaza. Funcionario do Concello de Betanzos

Presidente suplente: María Iglesias Nuño. Funcionaria do Concello de Betanzos

1º Vogal titular: María Nuria Seoane Bouzas. Funcionaria – Técnica de Normalización Lingüística do Concello da Coruña

1º Vogal suplente: Silvia Muíño Naveira. Funcionaria da Xunta de Galicia

2º Vogal titular: Sonia Alonso Figueroa. Persoal laboral fixo – Técnica de Normalización Lingüística do Concello de Miño

2º Vogal suplente: Elena Encinas Pena. Funcionaria do Concello de Betanzos

3º Vogal titular: María Beatriz Fernández Vázquez. Persoal laboral fixo do Concello de Abegondo

3º Vogal suplente: Pablo Rodríguez Fernández. Funcionario do Concello de Betanzos

Secretario: Eduardo Mera Rico. Funcionario do Concello de Betanzos

Secretario suplente: Adrián J. Márquez Caramés. Funcionario do Concello de Betanzos

TERCEIRO- A constitución do Tribunal terá lugar o día 10/06/2025 ás 9:30 na Sala de Xuntas do Edificio Liceo, do Concello de Betanzos

CUARTO.- Publicar a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as na sede electrónica deste Concello.

QUINTO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia nº1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.es

Betanzos, a 04 de xuño de 2025

A Alcaldesa, María Barral Varela